



III

A FORXA D'UN MUSEO

EL SOÑO D'UN FERREIRO COLLE XEITO



Dicía meu padre pa introducirme nel manexo del oficio qu'el ferreiro tía que saber antias de levar un ferro al lume lo qu'iba faer con él. Nun valía de nada, desque taba roxo, pensar únde iba mazar pa darlle xeito. Un dos sous ditos era que, nel caso d'error, el ferreiro tía que medir corto y el carpinteiro largo. El ferreiro podía estirar el ferro y el carpinteiro cortar a madeira sobrante. Se nun era así, mal amanó tía el error dos dous. E pior el del ferreiro.

José María Naveiras Escanlar

En 1979, José María Naveiras era xa sabedor da necesidá de xuntar y ordenar as pezas, sistemas de traballo, técnicas y avezos que taba recopilando e seguir rescatando aquelas outras que desaparecían axina, barridas polas dinámicas socioeconómicas novas. Así llo propuxo al entonciás conselleiro de Cultura e Deportes da preautonomía asturiana, Atanasio Corte Zapico, en visita a Grandas de Salime acompañao por Emilio Marcos Vallaire, gran conocedor del occidente asturiano e persona qu'iba ter un papel destacado na creación del Museo.

Tuveron que pasar algúns anos, a concuencia de compricidades necesarias, a implicación incondicional de xente de dentro e fóra de Grandas de Salime e superar non poucas vicisitudes, hasta qu'el 2 de xuño de 1984 s'inaugurou el primeiro montaxe del que xa entonciás se chamou Museo Etnográfico de Grandas de Salime.



Asistentes á inauguración del Museo.

A mostra primeira ocupou el baxo da Casa Consistorial do concello. En total, cuatro salas onde s'instalou el reportorio etnográfico xuntao hasta a fecha e tamén úa mostra de material arqueolóxico reunido por Pepe. El local dispoñible limitaba as posibilidades d'espansión e condicionaba que puidera medrar el discurso, pero taban xa presentes as linhas argumentais principales que s'iban desplegar despóis con máis amplitú: a recreación d'ambientes, el uso real das pezas, a integración nel proyecto d'artesanos y artesanas locales, en activo ou retiraos, y a implicación de vecíos e personalidades de todo ámbito qu'iban favorecer a creación da Asociación d'Amigos del Museo Etnográfico de Grandas de Salime.



Proyecto de recuperación del lino.

El primeiro obxeto instalao nos locales del Concello foi un telar de lizo baxo del s. XIX, en desuso desde 1958. A súa exhibición exemplificaba a confluencia de todos os elementos que s'iban convertir na seña d'identidade do Museo. A peza foi úa donación directa dos sous últimos propietarios a Pepe el Ferreiro, procedemento qu'iba ser el predominante nel proceso de medría das coleccións.

El ensamblaxe de todos os sous elementos y a súa restitución foi úa xeira laboriosa que pudo rematarse ben gracias á participación da tecedora Remedios Robledo, que foi quén a darlle vida nova e convertiu-se en colaboradora del Museo e maestra de xeneracións novas de tecedoras. Recuperábase d'este xeito úa ferramenta, pero tamén úa técnica y un oficio, faendo realidá a comunión entre patrimonio material y inmaterial que Pepe perseguía e que s'iba repetir con éxito noutros oficios y actividades tradicionais.

Aquel Museo incipiente convertíuse axina nun punto d'encontro onde vecíos e forasteiros de todas as edades e formacións experimentaban y intercambiaban conocementos.



Col ferreiro José María Muñiz.

